

Expediente 17996/407

ORZAMENTO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO 2026

MEMORIA

O Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo para o exercicio 2026 ascende ós 11.789.290,61 euros, un 3,17 % inferior ó de 2025, debido a que nos últimos exercicios se incorporaban os fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea (fondos NextGenerationEU) para o financiamento do “Programa de axudas ás actuación de rehabilitación a nivel de barrio”.

Sen contar os 2,3 millóns dedicados en 2025 ó citado programa, o Orzamento da Xerencia medra un 12,31%.

Por outra banda a tramitación do Plan Estatal de Vivienda 2026-2030, no que o Concello de Vigo concorrirá, deseguro xerará recursos adicionais para a rehabilitación, mellora da eficiencia enerxética e incremento de parque municipal de vivendas.

Os obxectivos máis salientables do **Estado de gastos** deste Orzamento son:

En primeiro lugar, este Orzamento continúa a execución do Plan Xeral de Ordenación Municipal PXOM 2025. As consignacións orzamentarias permitirán continuar e rematar os expedientes expropiatorios xa iniciados para conquistar dotacións e equipamentos públicos como os de Bembrive, Oia, Coruxo, Candeán, Párroco Don Camilo ou a Panificadora. O tempo iniciaremos novos proxectos expropiatorios, a redacción de Plans especiais e continuaremos ou iniciaremos a tramitación dos proxectos de iniciativa privada xa iniciados.

En segundo lugar, mantense o financiamento da Oficina Municipal de Rehabilitación cos seguintes obxectivos:

- 1) Pechar o desenvolvemento do citado “Programa de axudas ás actuación de rehabilitación a nivel de barrio”, que inclúe o exercicio 2026 (último do seu ámbito temporal), maioritariamente na xustificación das actuacións aprobadas e executadas.
- 2) Pechar as accións levadas a cabo nos oito Ámbitos de Rehabilitación Integral (ARIs) existentes en Vigo.
- 3) Colaborar na posta en marcha das acción derivadas do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 (actualmente en trámite o Real Decreto que o regula), de tal forma que se poda continuar coas actuacións de rehabilitación tanto nos ARIs, como no conxunto dos ámbitos obxecto do “Programa de axudas ás actuación de rehabilitación a nivel de barrio”. A tal efecto prevese, no estado de ingresos, o financiamento parcial da Oficina de Rehabilitación (51,20%), conforme co artigo 30, letra g) do citado Proxecto de Real Decreto do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2025 10:23

Páxina 1 de 3

17996-407

CSV: AEA6D7-23A4EH-374234-SUZE4D-T9RTC9-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

4) Colaborar coa Xerencia Municipal de Urbanismo nas accións levadas a cabo para a rehabilitación de vivendas que permitan a súa posta a disposición en favor dos propietarios ou de potenciais inquilinos.

En terceiro lugar, este Orzamento permitirá continuar cos traballos de revisión do Plan do Ensanche, a redacción do proxecto de execución do edificio dotacional e residencial de Barreiro, a construción dun edificio de 27 vivendas para alugueiro social na parcela municipal de Esturáns e o proxecto de urbanización de Parque Central.

En cuarto lugar, presupóstase o Convenio coa Universidade de Vigo para financiamento do “Observatorio da Vivenda” en Vigo.

En quinto lugar, a creación da partida 1510.2020000 “Bolsa alugueiros municipais”, cunha consignación de 700.000 euros (200.000 euros de recursos propios e 500.000 euros con cargo os ingresos pagados polos arrendatarios), permitirá que o Concello actúe de intermediario entre propietarios e inquilinos e adiante e garanta a sinatura de contratos de alugueiro.

En sexto lugar, no capítulo VII se consignan un total de 220.000 euros para axudas de accesibilidade e para a adecuación de vivendas baleiras destinadas a incorporarse a unha bolsa de alugueiros.

Por último, o conxunto das consignacións deste Orzamento, en especial as dos capítulos I (gastos de persoal) e II (gastos en bens correntes e servizos), permiten garantir o funcionamento dos servizos deste Organismo Autónomo e desenvolver as funcións e competencias que lles son propias.

Como en exercicios anteriores, o Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo verase complementado en 2026, tanto no capítulo de ingresos como de gastos, pola incorporación de remanentes e a xeración de créditos con cargo a ingresos derivados da xestión do PMS. Este financiamento adicional, xunto as consignacións iniciais deste Orzamento, permitirá continuar coa execución do novo Plan Xeral.

Do mesmo xeito, a Xerencia Municipal de Urbanismo propondrá o Concello de Vigo o Plan de Actuación da Empresa Municipal de Vivenda de Vigo 2026-2030 e determinará as condicións de cesión dalgúns elementos do patrimonio municipal de solo para a súa xestión.

En relación co **Estado de ingresos**, o Orzamento 2026 contempla unha suba considerable (20,4%) do capítulo 3 de taxas e outros ingresos propios deste Organismo Autónomo, debido a o bo comportamento da recadación destes conceptos, en especial da taxa por expedición de licenzas de obra.



A transferencia do Concello para gastos correntes crece un 1,92%. Neste capítulo IV tamén se recolle a previsión de ingreso de 211.875,84 euros para o co-financiamento da Oficina de Rehabilitación, en base ó xa citado proxecto de Real Decreto regulador do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030, sen prexuízo de que se podan conseguir outras axudas da Comunidade Autónoma ou de fondos europeos.

Tamén se incorporan ó estado de ingresos unha previsión de ingresos por alugueiros municipais (capítulo 5 de ingresos patrimoniais), da bolsa de vivendas xestionadas polo Concello. Dito importe co-financiará o importe en previsto no orzamento de gastos.

A previsión de alleamento de patrimonio municipal do solo (PMS) por importe de 671.832,77 euros, solo recolle a parte do PMS monetarizado que se empregará no edificio a construír na parcela municipal de Esturáns. Os maiores ingresos, en relación ó citado importe, polo alleamento de PMS xerarán novos créditos afectados ós fins sinalados pola vixente Lei do solo de Galicia.

No capítulo de subvencións de capital (capítulo VII) se recolle o importe da axuda para a construción do edificio Esturáns, aprobada polo Acordo número 40 (programa 6) da Comisión Bilateral (Estado-Xunta de Galicia) de data 19.12.2023, modificada pola Addenda I de data 2 de decembro de 2024. Dito importe (1.187.982,00 euros) supón o 16,93% do custo total do citado investimento, polo que de conformidade co financiamento previsto no proxectado Real Decreto do PEV 2026-2030 (artigos 14 e 24) demandarase unha maior achega das Administracións estatais e autonómica.

En conclusión, este proxecto de Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo para 2026 contén as consignacións orzamentarias necesarias para atender todas as obrigas contraídas por este organismo e impulsar novas accións co obxectivo de ser un instrumento útil para un eficiente desenvolvemento urbanístico e para a promoción e posta a disposición de vivendas sometidas a réxime de protección.

Vigo, na data da sinatura electrónica

María José Caride Estévez, Concelleira Delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda e Vicepresidente da Xerencia Municipal de Urbanismo

